



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (SERVIZO DE DEPORTES)

*Anuncio*

#### SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2023. RESOLUCIÓN DEFINITIVA.

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2023, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 28 de xullo de 2023, acordou:

**Primeiro.** Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2023, de acordo aos criterios xerais para a valoración das solicitudes reflectidos na base 6 e ao previsto na base 7 respecto do importe e cálculo da subvención das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

**Segundo.** O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Terceiro.** Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo ao previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

De acordo co punto 10. *Acordos de resolución e notificacións. Acordo de resolución provisional*, das bases da convocatoria, procedeuse á publicación no BOP núm. 183, do xoves, 10 de agosto de 2023 (*Resolución provisional concorrencia competitiva 2023 (páx.1, R.2556)*) da notificación aos interesados do acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no BOP de Lugo, para que os interesados poidan presentar alegacións. O referido anuncio tamén se publicou na páxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

En consecuencia e en aplicación do referido acordo e das previsións recollidas nas bases da convocatoria, o acordo de carácter provisional de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 28 de xullo de 2023, **terá carácter definitivo por finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións**, en consecuencia, procédese á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. O referido anuncio tamén se publicará na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

Ao abeiro do previsto no punto 10. *Acordos de resolución e notificacións*. das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP. O referido anuncio tamén se publicará na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

O que se notifica aos efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto no punto 21. *Réxime de recursos* das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 31 de agosto de 2023.- O Presidente, P.D. Decreto de data 04/07/2023. O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social. PabloRivera Capón. O SECRETARIO Asdo: José Antonio MourelleCillero.

R. 2796

---

## CONCELLOS

### CARBALLEDO

#### *Anuncio*

A Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada con data 31 de agosto de 2023 ditaminou favorablemente a Conta Xeral do Concello de Carballedo correspondente ao exercicio económico de 2022, o que faise público, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, advertindo que durante o prazo de quince días, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunos.

Durante o antedito prazo poderá examinarse o expediente en horario de nove a dúas, de luns a venres, na Secretaría do Concello.

Carballedo, 31 de agosto de 2023.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2797

---

## CERVO

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 29 de agosto de 2023, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xullo de 2023 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Piscina Municipal e os padróns correspondentes ao 3º bimestre de 2023 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD legislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 8 de setembro ao 13 de novembro de 2023. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 29 de agosto de 2023.- A Alcaldesa María Dolores García Caramés.

R, 2799

---

## O VICEDO

### *Anuncio*

Téndose aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o expediente nº 8/23 de modificación do presuposto municipal de gastos para 2023, consonte ó acordó acadado na sesión extraordinaria celebrada o día 18 de xullo de 2023, ascendendo o seu importe á cantidade de CENTO CATORCE MIL CATROCIENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (114.439,78 euros) así como a modificación da base 17.1 das aprobadas para execución do presuposto municipal en vigor, de conformidade co preceptuado e, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do devandito presuposto queda da forma seguinte:

Capítulo I, Gastos de persoal: .....	1.166.587,05
Capítulo II, Gastos en bens correntes e servizos: .....	856.018,95
Capítulo III, Gastos financeiros: .....	1.311,48
Capítulo IV, Transferencias correntes: .....	80.720,00
Capítulo V, Fondo de contingencia e outros imprevistos: .....	---
Capítulo VI, Investimentos reais: .....	2.997.019,48
Capítulo VII, Transferencias de capital: .....	18.174,68
Capítulo VIII, Activos financeiros: .....	---
Capítulo IX, Pasivos financeiros: .....	---
SUMA TOTAL .....	5.119.831,64

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do expediente nº 8/23 de modificación de presuposto municipal de gastos para 2023 así como da base 17.1, poderase interpor directamente recurso contencioso – administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso – administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Vicedo, 30 de agosto de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2788

### Anuncio

#### EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 17 de Agosto de 2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de maio de 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín. Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 17 de Agosto do 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2789

---

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 24 de Agosto de 2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xuño de 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde - Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín. Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 24 de Agosto do 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2790

---

### **VIVEIRO**

#### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 14/08/2023, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de suplemento de crédito por importe de 17.791,07 euros, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles, computado dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao

público no BOP, o expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O que asino en

Viveiro, 30 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2791

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

### INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE:V/27/00049C-1

PETICIONARIO: Ayuntamiento de Cospeito

VERTIDO

DENOMINACIÓN:Núcleo de Muimenta + Polígono Industrial

LOCALIDAD:MuimentaMuimenta (Santa Mariña)

TÉR.M. MUNICIPAL:Cospeito

PROVINCIA:Lugo

RÍO/CUENCA:Rego de Albán/Pequeño

El Ayuntamiento de Cospeito solicita la modificación de la autorización de vertido del núcleo de Muimenta, aumentando el volumen vertido tras la incorporación de la ampliación del polígono industrial, así como un nuevo punto de vertido de escorrentía pluvial del polígono industrial. El volumen máximo anual solicitado es de 51.377 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

Vertido 1: NO2700084 Saneamiento-Muimenta-Polígono industrial

- Desbaste de gruesos y finos, tamiz de finos y desarenador
- Bombeo y reactor aireado
- Decantador secundario
- Arqueta de control de vertido
- Espesador de fangos por gravedad + filtro banda

Vertido 2: NO2702784 Escorrentía - Polígono Industrial

- Reja de desbaste
- Desarenador con separación de grasas
- Arqueta de control
- Canalización al cauce

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 8 de agosto de 2023.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL,CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS,  
Diego Fompedriña Roca.

R. 2792

---